

Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Pontevedra, 2 de febreiro de 2024

Estimado alcalde,

Compráceme comprobar que compartimos o interese por avanzar con urxencia, e de xeito definitivo, no impulso á Grada de Gol do Estadio Municipal de Balaídos. Como ben afirma na súa misiva, non foi ata o pasado 19 de xaneiro cando recibimos o proxecto técnico e a proposta de borrador do convenio de colaboración para a execución da grada, máis de catro meses despois de solicitarllo en senllas cartas dirixidas a vostede os días 10 de outubro e 20 de novembro de 2023.

Certamente, e dentro do reiterado compromiso desta Deputación co estadio e coa cidade de Vigo, podo informalo de que tanto o proxecto coma o borrador están a ser analizados con dilixencia pero sen renunciar ao imprescindible rigor que merece un proxecto de tal envergadura. Non en van, os orzamentos vixentes da Deputación consignan 2,5 millóns de euros para financiar a obra, fronte aos 300.000 euros das contas municipais.

Así mesmo, gustaríame que, ademais de coincidir na vontade de rematar a reforma, compartise a necesidade de que todos os asuntos ligados á remodelación de Balaídos quedasen completamente á marxe da confrontación política e das lexítimas discrepancias políticas que eventualmente puidésemos ter, como creo que desexa a masa social do Real Club Celta de Vigo e o conxunto da cidadanía á que nos diriximos.

Atentamente,

